# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15017880 | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz | Touro | 2023/2024 |

### Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Ciencias Sociais | 1º Pri. | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 19 |

## 1. Introdución

O noso centro chámase CPI PLurilingüe Fonte Díaz pertence a o concello de Touro que está no interior da provincia de A Coruña.
A actividade económica da zona basease no sector agrario e gandeiro. Hai algúns aserrradeiros, explotacións gandeiras e algunhas queixerías.
A fala predominante dos nosos nenos e nenas é o galego. Hoxe é o único colexio do Concello. Impártese docencia de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A maioría do alumnado ven no transporte escolar e conta co servicio de comedor.
No curso de Primeiro de Primaria ademáis da profesora titora imparten docencia os/as especialistas de Música, Educación Física, Inglés e Relixión Católica. A clase de Plástica impártese en Inglés.
O alumnado cursou a etapa de Educación Infantil neste centro e está formado por trece nenas e nenos.
O centro conta con: biblioteca, ximnasio, comedor, cociña, aula de informática, de música, de inglés, aula de usos múltiples, aulas para titorías, aula de pedagoxía terapéutica, aula de audición e linguaxe, aseos para alumnado e profesorado, patio de recreo, dependencias administrativas e conserxería.
A área de Ciencias Sociais neste curso pretende que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.
Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. | 3 | 2 | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. | 3 | | 4 | | 4 | 1-3 | 2 | 1 |
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. | | 3 | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5 | | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A familia e a escola | Ao longo desta primeira unidade traballaremos sobre a familia, a escola e a amizade. Os deberes da infancia e as normas. | 14 | 10 | X | | |
| 2 | Coñecémonos a nosa contorna | Nesta unidade o noso alumnado coñecerá expresións artísticas, paisaxes, as emocións e as festas máis destacadas do | 15 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Coñecémonos  a nosa contorna | lugar no que vive: Samagosto. Inicio a seguridade viaria. | 15 | 11 | X | | |
| 3 | Vivimos en comunidade | Nesta unidade  traballeremos as normas básicas como peóns e os  dereitos e deberes como membros da sociedade que teñen os alumnos e alumnas e coidamos a nosa saúde comendo con xeito. | 14 | 10 | X | | |
| 4 | En qué queres traballar de maior? | Falaremos das profesións do sector primario, do sector secundario e do sector terciario e as súas relacións. Diferentes tipos de productos e a importancia dos servizos públicos. | 13 | 9 | | X | |
| 5 | O planeta azul | Nesta unidade traballaremos os conceptos básicos sobro noso planeta, o Sol e a Lúa, así como os fenómenos metereolóxicos máis destacados. A importancia da auga para a vida no planeta. | 8 | 4 | | X | |
| 6 | Coidemos o noso planeta para que siga sendo azul. | Nesta unidade promoveremos un estilo de vida sustentable e analizaremos o uso da auga .Que podemos facer para que siga sendo azul? | 8 | 6 | | X | |
| 7 | Medimos o tempo | Estudarán as  unidades temporais básicas: día, semana, mes , ano, estacións e a percepción dos sucesos no tempo: antes, despois, pasado, presente e futuro. | 13 | 8 | | | X |
| 8 | Coñecendo o noso pasado. | Nesta unidade achegaremos ideas sobre a importancia de coñecer o pasado e as maneiras de conservalo, o paso do tempo nas persoas e o goce dos lugares donde poder facelo. | 15 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A familia e a escola | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Coñece  as  partes interiores e exteriores do cole. | TI | 100 |
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Elabora a árbore xenealóxica da súa familia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Coñece as normas da aula e do comedor. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Coñece as dependencias do col e a súa función. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Coñece os membros da súa familia ( si os ten) pai, nai, avó, avoa, irmán , irmá, tio, tía, curmá, curmá e sabe como se chaman. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostra actitudes que fomentan a igualdade de xénero e conductas non sexistas tanto dentro da aula como nos xogos do patio. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero. | Coñece algunha persoa, especialmente muller, relevante da historia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. |
| - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. |
| - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. |
| - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. |
| - Igualdade de xénero e conduta non sexista. |
| - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. |
| - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Coñecémonos a nosa contorna | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Coñece paisaxes da contorna que o emocionan e fai un debuxo para compartir con toa a aula. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Identifica a súa responsailidade nun traballo de grupo. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñece paisaxes naturais e paisaxes humanizadas da súa contorna. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Coñece que día se celebra a feira no Concello. | | |
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe. | Recolle información sobre manifestacións culturais da contorna próxima como por exemplo do Samagosto. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Identifica actitudes que fomentan a igualdade de xénero e conductas non sexistas no seu entorno. | | |
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. | Identificar institucións próximas. Coñecer donde está a casa do concello, quen traballa nela, para que serve. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respecta o patrimonio natural e cultural. Colaborar na limpeza dos espazos máis cercanos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.<br>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.<br>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.<br>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Vivimos en comunidade | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade polos festivais , concertos, carreiras que se celebren no concello e aportar a súa opinión. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. Participar nas asambleas, nas votacións e respectar os acordos. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. Coñecer o nome da aldea/vila  donde vive  e contarnos que é o que mais lle gusta dela e o que menos. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. | Identificar institucións próximas. Coñecer as funcións que realiza o concello e a escola. | | |
| CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Coñecer normas básicasde seguridade viaria. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respecta o patrimonio natural e cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.<br>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.<br>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.<br>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.<br>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. |

| Contidos |
|---|
| - Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.<br>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | En qué queres traballar de maior? | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada. Elaborar un listado de profesións. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais en todos os espazos. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. Coñecer as principais actividades das mulleres e dos homes da súa aldea. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.<br>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.<br>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O planeta azul | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos. Coñecer novas que están sucedendo no planeta: a contaminación, a falta de auga doce, etc. | TI | 100 |
| CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara. | Participar en experimentos guiados e pautados e ser capaz de explicar en que consiste. | | |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. Participa en tarefas a nivel de aula e asume as súas responsabilidades para acadar o obxectivo marcado entre todo o alumnado. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. Coñecer o motivo polo que a Terra se lle chama O Planeta Azul. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, a importancia do Sol, da Lúa e das estrellas para o noso planeta.. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. Coñecer a que dan lugar os movementos da Terra. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respecta o patrimonio natural e cultural. Utiliza o colector adecuado para o lixo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). |
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. |
| - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. |
| - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. |

| Contidos |
|---|
| - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.<br>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.<br>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Coidemos o noso planeta para que siga sendo azul. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural e utiliza un vocabulario científico básico. | | |
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. Coñece unha paisaxe natural e unha paisaxe humanizada cercana. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respecta o patrimonio natural e cultural. Fai un uso responsable da auga. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.<br>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.<br>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Medimos o tempo | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo. | Utilizar dispositivos ou recursos dixitais. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión. | Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.<br>Coñece as unidades temporais básicas: días, semanas, meses, ano, estacións, antes, despois, presente, pasado e futuro. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero. | Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. |

| Contidos |
| --- |
| - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.<br>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.<br>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | Coñecendo o noso pasado. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada. | TI | 100 |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. Coñece o que está pasando co coronavirus e as medidas que se están tomando para que desapareza. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión. | Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero. | Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. |

| Contidos |
|---|
| - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. |
| - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. |
| - Igualdade de xénero e conduta non sexista. |
| - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. |
| - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.
Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:
- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- A realización das diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.
Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.
En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluir novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos materiais: libro do alumnado, caderno, fichas, estoxo, lapis, cores, rotuladores, cartolinas, carpeta, gomas, plastilina, láminas,  pósters, folios , xogos |
| Recursos dixitais:panel dixital da aula, ordenador da aula, recursos de Internet, vídeos, películas, documentais. |
| Recursos espaciais: aula ordinaria, biblioteca, patio do recreo. |
| Outros: materiais da contorna, murais de sinais de tráfico para a seguridade viaria, materiais que aporten as familias dos seus traballos.... |

Os materiais e recursos didácticos están pensados co fin de favorecer a aprendizaxe do alumnado. Ademais hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o D.O.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial levarase a cabo nas dúas primeiras semanas lectivas do curso ( 4 sesións).
O obxectivo primordial da Avaliación Inicial nesta materia é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.
Para obter esta información realizaremos actividades orais individuais ou en grupo.
Asi poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias. Tamén nos serve de axuda a consulta dos Informes do alumnado da etapa anterior.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **14** | **15** | **14** | **13** | **8** | **8** | **13** | **15** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA
A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo será valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.
Ademais de global, tamén será continua e formativa.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre.
Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios
A nota final, ao tratarse dunha avliación continua, será igual a do 3º trimestre.
No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.
A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
Ao longo do curso comprobarase, mediante a observación directa do traballo feito polo alumnado, o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:
1. Valoración dos contidos e competencias adquiridas. 50% da nota
Observación directa do traballo do alumnado. Fichas e exercicios do libro, tanto orais como escritos) onde se reflexe a adquisición dos contidos e competencias vistas.
2. Realización do traballo na clase. 30% da nota
Realización adecuada das tarefas diarias, en tempo e forma, caderno, libro, fichas...
Organización e limpeza dos materiais.
3. Valoración de: 20% da nota
Participación: Levanta a man para poder expresar a súa opinión e aporta ideas.
Esforzo: Si ten dificultades pide axuda e trata de mellorar.
Atención: Respeta a opinión das compañeiras e compañeiros.
Colabora e non entorpece na realización do trabalo diario.

Tendo en conta os criterios mencionados anteriormente o alumnado será calificado utilizando a escala numérica de un a dez puntos coas seguintes correspondencias:
Insuficiente: 1,2,3,4.
Suficiente: 5.
Ben: 6.
Notable: 7, 8.
Sobresainte: 9, 10.
A calificación de cada materia para cada trimestre resultará de facer a media das notas obtidas.

**Criterios de recuperación:**

A avaliación durante a etapa de Educación
Primaria será continua e global. Feito polo cal, aprobando avaliacións
posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.
Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa , poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

É fundamental para a atención á diversidade do alumnado a detección precoz das súas necesidades específicas e o establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
O Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado deben traballar de xeito coordinado para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado..
O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica.
Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluida a afectivo-sexual. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.
As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área en todas as unidades.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Saídas culturais | Visitaremos algún Museo, cine. | X | | |
| Saídas á contorna | Nas que coñeceremos o entorno máis próximo do alumnado. | | | X |
| Obradoiros | Hábitos saudables, emocións... | | X | |

**Observacións:**

O Proxecto de Centro este curso será "O bosque", por este motivo as actividades complementarias irán enfocadas a este tema. Ao longo do curso, poderán xurdir outras saídas relacionadas con este proxecto.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |
| Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE? |
| Metodoloxía empregada |
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe? |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguiuse motivar ao alumnado? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente? |
| Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso? |
| Outros |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades? |

**Descrición:**

É necesario ter en conta os indicadores anteriores para avaliar o proceso de ensino e a aplicación práctica da programacións didáctica e incorporar as melloras necesarias. A información recollida axudará a acadar melloras no noso traballo diario.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:
1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
-Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
-Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Actividades complementarias (realizadas ou non).
En función dos resultados obtidos estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado e quedarán reflectidos na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

## 9. Outros apartados